

Remata o 29 - Novembro

AYUNTAMIENTOS

VIGO

A N U N C I O

Pola Inspección dos Tributos deste Concello trámitanse procedementos de comprobación e investigación a fin de regulariza-la situación tributaria dos suxeitos pasivos que se mencionan, estando pendentes de notificación, non obstante te-lo intentado duas ou máis veces, documentación das actuacións inspectoras seguidas naqueles procedementos, polo que, de conformidade co establecido no artigo 105 da Lei Xeral Tributaria, se lles cita a fin de que comparezcan para ser notificados en forma.

- Don Pablo González Sanjurjo, do requerimento iniciador das actuacións inspectoras.
- Doña María Piedad Salgueiriño Lago.
- Doña Miriam Condé Fernández.
- "Chanosa, S.L."

Todos eles da iniciación das actuacións e recibila Acta de Proba Preconstituída no Imposto sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana, co seus documentos achegados, acordo co previsto no art. 57 do Reglamento Xeral da Inspección de Tributos, e da comunicación de iniciación dos expedientes sancionadores derivados das infraccións que motivaron a extensión das devanditas Actas.

A comparecencia deberá efectuarse nas Oficinas da Inspección dos Tributos sita na planta baixa do Concello, Praza de Rei s/n, dentro dos dez días, contados a partires do seguinte o de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia, (días luns a venres, de 9 a 14.30 horas).

Transcorrido este prazo sen ter comparecido, a notificación entenderase producida a tódolos efectos legais dende o día seguinte ó de seu vencemento, podendo alegar perante a Inspección de Tributos, nos quince días seguintes contados a partires do término daquel prazo, canto conveña a seu de-reito e, particularmente, o que estime oportuno acerca dos posibles errores ou inexactitudes das probas que dan lugar ás actas e sobre as propostas de liquidacións que as mesmas conteñen, ou ben, expresa-la conformidade ou disconformidade sobre unha ou ámbalas dúas cuestións. Durante este prazo porase o expediente de manifesto ó obrigado tributario. No mesmo prazo de quince días dáselle audiencia do expediente sancionador como interessado que é, en cumprimento do ordenado no art. 34 da Lei 1/1998, de 26 de febreiro, de Dereitos e Garantías dos Contribuíntes, podendo presentar neste período cantas alegacións estime pertinentes.

Vigo, a 13 de outubro de 1998.—O Alcalde-Presidente, ilexible. 10810

E D I T O

Sométese a información pública durante o prazo de dez días, o expediente número 26395/421, tramitado a instancia de don Félix Pastor García, de solicitud de licencia para a execución de obras de adaptación dun local sito na praza de Compostela número 19-baixo para dedicar a restaurante.

Vigo, a 7 de outubro de 1998.—O Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, José Antonio Gil So-tres. 10811

E D I T O

Sométese a información pública durante o prazo de dez días, o expediente número 30530/421 tramitado a instancia de don Adolfo Pérez Domínguez, de solicitud de licencia para a execución de obras de adaptación dun local sito na rúa E. Martínez Garrido número 87-baixo para dedicar a café-bar sen música.

Vigo, a 13 de outubro de 1998.—O Vicepresidente da Xerencia de Urbanismo, José Antonio Gil So-tres. 10812

CRECENTE

A N U N C I O

O Pleno do Concello, na súa sesión do 15 de Outubro de 1998, aprobou provisionalmente a imposición e mailas Ordenanzas fiscais dos tributos que seguidamente se relacionan, expostas no seu taboleiro de anuncios para que os interesados poídan examinalas e presenta-las reclamacións que estimen oportunas, dentro do prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da súa publicación.

Taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local:

- Taxa por ocupación do voo de toda clase de vías públicas municipais con elementos constructivos pechados, terrazas, miradores, balcóns, marquesñas, toldos, para ventos e outras instalacións semellantes voladizas sobre a vía pública ou que sobresaián da liña da fachada.
- Taxa por apertura de cibias, calicates e calas en terreos de uso público local, inclusive estradas, camiños e demás vías públicas locais, para a instalación e reparación de canos, conduccións e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública.

- Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mercadorías, materiais de construcción, refugallos, valados, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas.
- Taxa por entradas de vehículos a través das beira vías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.
- Taxa por ocupación do subsolo de terreos de uso público municipal.
- Taxa pola instalación de anuncios ocupando terreos de dominio público municipal ou visibles desde estradas, camiños veciñais e demais vías públicas municipais.
- Taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa e ambulantes e rodaxe cinematográfica.
- Taxa por ocupación de terreos de uso público municipal con mesas, cadeiras, tribunas, taboados e outros elementos análogos, con finalidade lucrativa.
- Taxa por tendidos, tuberías e galerías para as conduccións de enerxía eléctrica, auga, gas ou calquera outro fluído incluidos os postes para liñas, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, transformadores, raís, básculas, aparatos para a venda automática e outros análogos que se establezan sobre vías públicas ou outros terreos de dominio público municipal ou voen sobre os mesmos.

Taxas por prestación de servicios ou realización de actividades administrativas de competencia local:

- Taxa por servicios de sanidade preventiva, desinfectación, desratización e destrucción de calquera clase de materias e productos contaminantes ou propagadores de xermes nocivos para a saúde pública prestados a domicilio ou por encargo.
- Taxa por servicios de casas de baños, duchas, piscinas, instalacións deportivas e outros servicios análogos.
- Taxa por servicios de distribución de auga, gas, electricidad e outros abastecementos públicos incluídos os dereitos de enganche de liñas e colocación e utilización de contadores e instalacións análogas, cando ditos servicios ou subministros sexan prestados por entidades locais.
- Taxa por servicios de matadoiros, lonxas e mercados, así como a carrexa de carnes, se

houbera de empregarse dun xeito obrigatorio, e servicios de inspección en materia de abastos, incluída a utilización de medios de pesar e medir.

- Taxa por asistencia e estancia en fogares e residencias de anciáns, garderías infantís, albergues e outros establecementos de natureza análoga.

Crecente, 15 de outubro de 1998.—O Alcalde, Julio C. García-Luengo Montero. 10619

* * *

LALIN

A N U N C I O

Aprobación de padróns tributarios e períodos de cobranza en voluntaria

A Comisión de Goberno, en sesión celebrada o día 21 de outubro de 1998, aprobou os seguintes padróns:

- Imposto sobre bens inmobilés de natureza urbana 1998: Total padrón: 117.799.923 ptas.
- Imposto sobre bens inmobilés de natureza rural 1998: Total padrón: 1.901.043 ptas.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do establecido nos artigos 124 da Lei Xeral Tributaria e 88 do Regulamento Xeral de Recadación (aprobado por RD 1684/1990 de 20 de decembro, BOE 3-1-91). Contra as liquidacións derivadas dos correspondentes recibos poderase interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde no prazo dun mes a contar dende a publicación deste anuncio (arts. 108 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases do Réxime Local e 14,4 da Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais).

Así mesmo, durante o período comprendido entre o 25 de novembro de 1998 e 25 de xaneiro de 1999, ambos inclusive, de acordo co disposto no art. 87 do devandito Regulamento Xeral de Recadación, terá lugar a cobranza en período voluntario dos referidos tributos municipais. O pago poderase realizar en calquera dos bancos ou caixas de aforros con oficina aberta no Término Municipal de Lalín.

Esgotado-lo prazo de ingreso en período voluntario, tódalas débedas non satisfeitas serán esixidas polo procedemento de conxinximento, e devengarán o correspondente recargo, intereses de demora e, no seu caso, as costas que se deriven.

Lalín, a 21 de outubro de 1998.—O Alcalde, P.D. o Concelleiro Delegado de Facenda, Manuel Gómez Estévez. 10921

* * *